

Volver a Luísa Villalta. No outro lado da música, a poesía

26 Setembro, 2014
comentarios

28
SETEM

HOMENAXE: VOLVER A LUÍSA VILLALTA. NO OUTRO LADO DA MÚSICA, A POESÍA

🕒 12:00 📍 Calle del Riego de Agua, 37 15003 A Coruña 📍 Teatro Rosalía de Castro
Event Type: Letras Música

Este domingo lembraremos á escritora coruñesa Luísa Villalta nun acto musical e poético no Teatro Rosalía de Castro. Previamente descubrirase unha placa na casa onde viviu.

Neste ano 2014 cúmprense dez anos da morte de Luísa Villalta, unha das voces máis destacadas da cultura galega contemporánea, especialmente no ámbito musical e no literario. Co gallo do aniversario, a **Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG)** organiza unha homenaxe no Teatro Rosalía de Castro que combinará música e poesía. “Queremos que sexa un acto de celebración, de volver a ela e volver á súa obra homenaxeando as dúas principais facetas da súa alma de poeta creadora”, comenta Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da AELG.

A figura de Luísa non só é lembrada pola súa obra, senón tamén por como se involucra no seu entorno. “Luísa non só foi unha muller que escribía marabillosamente” expón Cesáreo, “senón que tamén se comprometía coa realidade do día a día. Era capaz de interpretar a realidade, emitir sabias conclusións e facer sabias preguntas”.



Luísa Villalta. Foto: Maribel Longueira

Luísa fixo da Coruña o espello da súa obra, unha *cidade alta* reflectida no seu libro *En concreto* (Ed. Espiral Maior, 2004), e na que encontramos, en palabras de Xurxo Souto, un dos mellores epítetos que poden definir a nosa cidade barco, “**cidade tatuada na pétrea pel do mar**”.

Neste acto que terá lugar no Teatro Rosalía, a partir das 12:00 h, participarán poetas e músicos amigos, que recitarán os seus versos e interpretarán as súas pezas máis queridas.



Antes, ás 11:00 h, descubrirase unha placa de homenaxe na casa da rúa Vila de Laxe número 6, onde viviu e soñou.

Aparte das palabras de Cesáreo Sánchez Iglesias, recolleemos aquí outras lembranzas e pensamentos, vinculados a ela, dalgúns dos seus amigos, que participarán de maneira directa nesta homenaxe.

Dores Tembrás: “Luísa Villalta coñecía coma poucos a música de cada palabra, e afinábaas para acompañar imaxes profundamente conmovedoras, sempre ao servizo do poema”.

Miguel Anxo Fernán-Vello: “Luísa Villalta, a poeta, a narradora, a ensaísta, a dramaturga, a filóloga, a profesora, a violinista..., toda ela posuidora do don da palabra, do sentido da beleza e da intelixencia..., esa Luísa Villalta que eu lembro lúcida e agarimosa, escritora e artista, sempre no centro vital, un sorriso e a man da

fraternidade tendida”.

Francisco Fernández Naval: “Non era só o que escribía e como o escribía, era tamén o seu pensamento lúcido e a firmeza con que se expresaba. Sería magnífica compañeira para nos defender xuntos, nestes días de ferro e acoso que vivimos”.

Eva Veiga: “Como flor que se abre, unha peculiar respiración musical abre o verso de Luísa Villalta; poesía e vida a percorreren, dende o compromiso e a paixón, todos os ámbitos do Ser e da Cidade”.